



CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE RESERVA/ADMISIÓN

PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN: DO 1 DE MARZO AO 20 DE MARZO 2024

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior, así como a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada en día 28 de febreiro (este incluído), poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8. (Orde do 21 de outubro de 2022)

Estes procedementos son para o alumnado que **non** estea actualmente matriculado no IES O Couto pero desexe cursar estudos no IES O Couto no vindeiro curso 2024-25 e non fixo a reserva de praza.

Todo o alumnado que resulte admitido nas fases de RESERVA e ADMISIÓN, ambos os casos, o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, deberá formalizar a **matrícula** no mes de **Xuño** (no horario publicado na web do centro, do 24 de xuño ao 8 de xullo 2023). **Se unha vez finalizado o prazo de matrícula esta non se formalizase, terase por decaído non seu dereito á praza obtida. (Orde do 21 de outubro de 2022)**

PROCEDEMENTO	FORMULARIO	PRAZO
Reserva de praza (faise nos centros adscritos) <ul style="list-style-type: none"> • CEIP O COUTO • CEIP MANUEL ACUÑA • CEIP SACO E ARCE • CEIP VISTAHERMOSA • COLEXIO PADRE FEIJOO • COLEXIO SANTO ANXEL 	ED550A	do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro (ambos incluídos). PRAZO FINALIZADO
Admisión Preferiblemente de xeito telemático: https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/ É para o alumnado de centros adscritos que non fixera reserva e alumnado de <u>centros non adscritos</u> ao IES O Couto que teña previsto estudar no noso centro o vindeiro curso 2023/24. Pódese entregar o formulario tamén de xeito presencial no IES O Couto.	ED550B	dende o 1 de marzo ata o 20 de marzo (ambos incluídos)
Documentación complementaria Admisión A documentación complementaria presentárase presencialmente no centro IES O Couto.	Se houbera que baremar porque as prazas para admisión non resulten suficientes abrírase un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para que as persoas interesadas presenten de forma presencial nel a documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, para realizar á súa valoración e establecer unha orde de prelación.	Se houbera que baremar Prazo: dende o 21 de marzo ao 8 de abril (ambos incluídos)

LISTAXES E RECLAMACIÓNS ÁS LISTAXES		
Listaxe definitiva reserva	22 DE FEBREIRO 2024	A data de publicación será o 22 de febreiro 2024 porque as prazas foron suficientes e non houbo que baremar
Listaxe provisional admisión	25 de abril 2024	Se despois de publicar a listaxe do alumnado con posto reservado o centro docente tivese postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de admisión presentadas en prazo para o concreto curso, publicará a listaxe definitiva do alumnado admitido polo que non habería listaxe provisional. Se houbese que baremar a Listaxe provisional publicaríase o 25 de Abril.
Reclamación á listaxe provisional (IES O Couto, secretaría)	5 días hábiles a partir da publicación da listaxe provisional (ante o Consello Escolar)	PRAZO contra a listaxe provisional no caso de baremar: do 26 de abril ao 3 de maio (ambos incluídos)
Listaxe definitiva admisión	Se despois de publicar a listaxe do alumnado con posto reservado o centro docente tivese postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de admisión presentadas en prazo para o concreto curso, publicará a listaxe definitiva do alumnado admitido	Data: 15 de maio 2024 se houbese que baremar
Reclamación á listaxe definitiva: Recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial	Impugnación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido	Prazo dun mes dende a publicación da listaxe definitiva (información na Orde do 21 outubro 2022)

* A persoa solicitante ou, de ser o caso, a súa representante, a outra persoa proxenitora, titora ou acollidora do alumnado, ou o propio alumno maior de idade ou menor emancipado, sempre que teñan solicitude de admisión presentada en prazo, poderán consultar na secretaría do centro as listaxes coas puntuacións provisionais e definitivas desagregadas dos distintos criterios de admisión do alumnado do mesmo curso e centro, logo de acreditación da súa identidade e logo de asinar un compromiso de uso e confidencialidade.

Adxudicación de postos escolares sen fase de baremo:

1. No caso do procedemento de reserva de postos, se o número de postos dispoñibles no centro de adscrición é suficiente para atender todas as solicitudes presentadas en prazo, o centro adscrito e o centro de adscrición publicarán a listaxe definitiva do alumnado con **posto reservado** o día **22 de febreiro**.
2. Así mesmo, se despois de publicar a listaxe do alumnado con posto reservado o centro docente tivese postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de **admisión** presentadas en prazo para o concreto curso, publicará a **listaxe definitiva do alumnado admitido**

Adxudicación de postos escolares con fase de baremo:

- **A listaxe provisional: 25 de abril** e se poderá formular reclamación, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar. Estas reclamacións entenderanse estimadas ou desestimadas coa publicación da listaxe definitiva.
- **Reclamacións ás listas provisionais: do 26 de abril ao 3 de maio.**
- **Listas definitivas de admitidos e non admitidos:** A listaxe definitiva do alumnado admitido e non admitido, o **15 de maio**; A persoa solicitante ou, de ser o caso, a súa representante, a outra persoa proxenitora, titora ou acollidora do alumnado, ou o propio alumno maior de idade ou menor emancipado, sempre que teñan solicitude de admisión presentada en prazo, poderán consultar na secretaría do centro as listaxes coas puntuacións provisionais e definitivas desagregadas dos distintos criterios de admisión do alumnado do **mesmo**

curso e centro, logo de acreditación da súa identidade **logo de asinar un compromiso de uso e confidencialidade.**

- **Impugnación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido:** As persoas interesadas poderán interpor **recurso de alzada** ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo **dun mes** contado a partir do día seguinte ao da súa publicación
- **Prazo de formalización de matrícula para ESO e Bacharelato:** datas e horario que figure na web do centro no mes de **XUÑO-XULLO**. Tratade de respetar o horario para unha máxima eficacia e evitar esperas innecesarias.

RESUMO DOS PRAZOS E DO PROCESO DE ADMISIÓN

1. Reserva de praza no centro de orixe: do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro 2024. **PRAZO FINALIZADO**
2. Data do sorteo público para efectos de desempate: última semana de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo.
3. Publicación de postos escolares vacantes: antes do 1 de marzo. **PUBLICADAS**
4. Presentación da solicitude de admisión: 1-20 de marzo.(Alumnado de centros NON adscritos)
5. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión. A partir do 26 de marzo ata o 8 de abril.**
6. Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: antes do 25 de abril. se houberse baremo
7. Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: antes do 15 de maio 2023, se houberse baremo.
9. Formalización da matrícula en ESO e bacharelato: 24 de xuño-8 de xullo. Respetar o horario que figure na web do centro para evitar colas innecesarias.